

**NOTA DE PRENSA 041/23**  
**10 DE XUÑO DE 2023**

**O OURENSÁN ABRAHÁN VÁZQUEZ IMPONSE NO INICIO DO CAMPIONATO  
GALEGO DE MONTAÑA**

A Subida a Escusa Poio marcou o inicio do Campionato Galego de Montaña cunha xornada única de competición na que o vencedor final foi o ourensán Abrahán Vázquez, aos mandos do Fórmula Dicode.

Vázquez mantivo unha fermosa loita con outro ourensán, Jorge Fernández, que finalmente foi segundo clasificado no cómputo xeral da proba.

O terceiro escalón do podio foi para Alexis Vieitez, nun debut cheo de problemas mecánicos no espectacular Celtic.

Alfonso “Pisko” Ventín aos mandos do Yacarcross foi cuarto clasificado e Jesús Pombo, na estrea do fermoso Tatuus FR, quinto. O do fórmula foi a sensación do inicio do certame, nunha carreira que se tomaron como toma de contacto co monoplaça.

Sexto clasificado e primeiro da categoría de carrozados foi Jorge Pérez Alonso, aos mandos do Porsche 991 GT3 Cup. Precisamente na categoría de carrozados o segundo clasificado foi Manuel Senra co Peugeot 306 Maxi e terceiro o ourensán Javier Carballo, co Ford Escort MkI. O seu irmán Juan Manuel Carballo, foi cuarto clasificado desta categoría no Fiat 131 Abarth.

Na modalidade de regularidade, os primeiros clasificados foron Diego Vidal e Gladys Iglesias, con 50613 puntos. A continuación, no segundo e terceiro posto situáronse Cristian Castro e Mario Martínez e Alfonso Cabral e José Manuel Quintas.

A seguinte data do certame autonómico será na primeira fin de semana de xullo coa celebración da Subida a Pontenova.